

Festa da
Arribada
2015

- Regulamento -



Real
Mercado
7 e 8 de Março

♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦

A N T E S
E
C O M E Z A R
D E B E S
R E C O R D A R

♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦

O INCUMPRIMENTO DE CALQUERA
DOS SEGUINTES ARTIGOS SUPÓN:

• A PERDA DO AVAL • FIANZA

-100 € POSTOS DE ARTESANÍA

-200 € POSTOS DE COMIDA

• RETIRADA DO POSTO

• PROHIBICIÓN DE PARTICIPAR
EN SUCESIVAS EDICIÓN S

I. DE CANDO E ONDE SE CELEBRA

ART. 1 - O Real Mercado Medieval da Arribada 2015 celebrárase os días 7 e 8 de marzo de 2015, dende as 10:00h da mañá ata as 23:00h da noite. Fóra destas datas e horario non se permitirá a apertura de ningún posto na rúa.

ART. 2 - O Real Mercado Medieval extenderase polas seguintes prazas e rúas do casco vello de Baiona: Praza do Pai Fernando, rúa Ventura Misa, praza Pedro de Castro, rúa Conde, Fonte de Zeta, rúa Lorenzo de la Carrera, praza do Concello, Xogo da Bola, rúa do Reloxo, rúa Diego Carmona, A Laxe, rúa San Lorenzo, rúa Manuel Valverde, barrio de San Xoán, praza de Santa Liberata e Alameda Carabela Pinta.

ART. 3 - Fóra do recinto establecido non se permitirá o asentamento de ningún posto na rúa nin a venda ambulante de ningún produto.

II. DOS POSTOS DE VENDA

ART. 1 - Establécense tres clases de postos de venda:

A) POSTOS GREMIAIS

Son aqueles específicos, establecidos pola organización para colectivos, institucións ou empresas con sede social en Baiona e en pleno funcionamento os últimos 2 anos e que realicen un mínimo de dúas actuacións que repercutan na cidadanía ao ano, que representen durante o Real Mercado aos gremios medievais, desenrolando labores, mostras, manifestacións, etc. propias daquelas asociacións. A súa ubicación, adxudicación, deseño, tamaño, etc., serán determinados pola organización en función das necesidades e actividades de cada cal e do sitio dispoñible.

B) POSTOS ESTABLECEMENTOS DO CASCO VELLO

Son aqueles que os donos das adegas, tabernas, bares, restaurantes, negocios de venda de produtos (non empresas de servizos) con sede social en Baiona e en pleno funcionamento os últimos 2 anos, do recinto, que soliciten asentar na vía pública, fronte a súa propiedade, para seren atendidos por eles mesmos en beneficio seu. Consistirán en "stands" propios, de tamaño variable segundo o espazo dispoñible, pero con deseño e materiais co maior rigor histórico. Estes postos só serán autorizados no caso de que a organización non necesite tal espazo e sempre que as condicións da rúa, a criterio da organización, o permitan.

C) TENDERETES DO CONCELLO

Son os postos propiedade do Concello que se asignarán mediante sorteo público entre os solicitantes interesados, por rigoroso orde de entrada no rexistro xeral do Concello e sen que estes poidan alugalos ou cedelos a terceiros.

- TENDERETES DE COMIDA

Autorizaranse como máximo 32 tenderetes ubicados en Santa Liberata (Zona do Bo Xantar).

- TENDERETES DE ARTESANÍA

Autorizaranse como máximo 60 tenderetes ubicados no casco vello (excepto Santa Liberata, a zona do Bo Xantar).

ART. 2 - Tódolos postos presentarán obrigatoriamente aspecto medieval, tanto nos materiais coma no deseño, rexeitando formicas, plásticos, cristais, fibras sintéticas, lonas, rodas de goma, pinturas e debuxos modernos, papeis e cartóns impresos, sacos con letras, etc; debendo substituílos por táboas, cañizo, corcho, breixo, palla, xestas, cobertores, esparto, teas, panos, coiros, carozas, etc.

ART. 3 - Queda prohibido instalar nos postos das rúas bombonas, cociñas, asadores, parrillas, braseiros, xa que poden supoñer perigo para as persoas.

ART. 4 - Os postos terán que ser ambientados na época medieval e calquera elemento complementario coma papeleiras, caixóns, rótulos, bancos, cadeiras, envases, etc. cumprirán este requisito.

ART. 5 - Fóra dos postos, non se permitirá tampouco depositar caixas, paquetes, bultos, etc. que non cumpran este requisito.

ART. 6 - Aqueles elementos modernos coma instalacións eléctricas, lámpadas, billas de auga, neveiras, básculas, etc. que foran imprescindibles e permitidos pola organización, deberán estar ocultos ou totalmente camuflados.

ART. 7 - Non se permitirán proteccións de plástico ou chapas. Permitiranse toldos de tona de cor granate (a cor da Arribada) ou de arpilleira.

ART. 8 - Non se permitirá reproducir música, salvo en vivo e sempre que sexa medieval.

ART. 9 - Non obstante, o dito anteriormente, tódolos postos deberán presentar a maior limpeza e hixiene.

III. DA SOLICITUDE DOS POSTOS DE VENDA

ART. 1 - Para obter posto de venda no Real Mercado Medieval é mester solicitalo no Concello, dende o 12 de xaneiro ao 13 de febreiro, ámbos os dous inclusive, achegando a seguinte documentación:

- Impreso oficial da solicitude.
- Xustificante do pago das taxas correspondente.
- Certificado de conta bancaria do titular do posto (que debe ser necesariamente o solicitante), na que se procederá á devolución do aval-fianza, ao término do mercado, no caso que así proceda.

As solicitudes poderanse entregar no rexistro municipal, ou no correo electrónico

sac@baiona.org ou no fax - 986 357 474

No intre de presenta-la solicitude entregárase o xustificante do pago segundo a mercadoría, as solicitudes sen xustificante de pago e sen o certificado de titularidade da conta do solicitante, quedarán anuladas automáticamente no momento da súa chegada:

A) POSTOS ARTESANÍA:

- TENDERETE DO CONCELLO

Establécese un pago dun aval-fianza de 100€ , nestes postos, soamente poderase vender artesanía, no caso de atoparse outro tipo de mercadoría perderíase automáticamente o aval-fianza.

- POSTOS PROPIOS

Establécese un pago dun aval-fianza de 100 € e unha cuota de 10€/metro que sexan autorizados pola organización.

B) POSTOS COMIDA

- TENDERETE DO CONCELLO

Establécese un pago dun aval-fianza de 200 € e unha cuota de 100€

- POSTOS ESTABLECEMENTO

Un pago dun aval-fianza de 200 € e unha cuota de 50 € por metro lineal ou fracción (mínimo 100 €).

- POSTOS GREMIAIS

Establécese un pago dun aval-fianza de 200 € e estarán exentos de pagar a taxa de ocupación ata os 14 metros cadrados. A partir dos 14 metros cadrados, pagarán unha cuota de 50 € por metro cadrado.

ART. 2 - O pago das taxas realizarase mediante xustificante do seu ingreso no seguinte número de conta:

Non se admitirá ningunha solicitude que non leve adxunto os recibos de ter os pagos efectuados, que quedarán anuladas automaticamente no momento da súa chegada.

ART. 3 - Ás solicitudes presentadas iráselles asignando un número de orde para o posterior sorteo público do tenderete e a súa ubicación dentro do Real Mercado.

IV - DA ADXUDICACIÓN DOS POSTOS DE VENDA

ART. 1 - A adxudicación dos postos de venda farase en acto público o sábado día 21 de febreiro ás 11:00 h da mañá no Salón de Plenos do Concello, cos seguintes criterios:

1.1 Asignación previa dos postos A (Gremiais), segundo os acordos previos entre a organización e os gremios establecidos.

1.2 Asignación dos postos B (Establecementos), ás solicitudes presentadas que cumpran os requisitos esixidos. Se algunha solicitude non obtivera posto, devolveráselle o importe íntegro da cota satisfeita e mailo aval depositado, unha vez celebrado o Real Mercado.

1.3 Asignación dos postos C (Tenderete Concello), mediante sorteo público seguindo correlativamente o número asignado na presentación das solicitudes polo seguinte orde:

A) Colectivos do Municipio de Baiona (Centros de Ensino, Agrupacións culturais, deportivas, sociais e relixiosas, legalmente constituídas, Escolas Municipais, Comisións de Festas, ONG, etc.) que non teñan asignado posto gremial. Para este grupo reservaranse os primeiros postos.

B) Solicitudes de comercios e empresas do Municipio de Baiona.

C) Resto de solicitudes de persoas censadas no Municipio de Baiona, terán preferencia, por este orde, as persoas paradas con familia ao seu cargo e as persoas paradas sen cargas familiares.

D) Restantes solicitudes.

1.4 O NÚMERO DE SOLICITUDES PERMITIDAS PARA TENDERETES DESTINADOS Á VENDA DE COMIDA SERÁ COMO MÁXIMO DE 32 TENDERETES, E ESTARAN TODOS UBICADOS NA PRAZA DE SANTA LIBERATA. PARA A ASIGNACIÓN DESTES POSTOS SEGUIRASE O ESTABLECIDO NO APARTADO 1.3. ART.1.IV.

1.5 O NÚMERO DE SOLICITUDES PERMITIDAS PARA TENDERETES DESTINADOS Á VENDA DE ARTESANÍA SERÁ COMO MÁXIMO DE 60 TENDERETES, E ESTARAN TODOS UBICADOS NO CASCO VELLO, TÍTULO I. ART.2 EXCEPTO A RÚA SANTA LIBERATA QUE DESTINARÁ A VENDA DE COMIDA. PARA A ASIGNACIÓN DESTES POSTOS SEGUIRASE O ESTABLECIDO NO APARTADO 1.3 ART. 1. IV.

1.6 Queda prohibido taxantemente a venda de bebidas alcohólicas, salvo viño ou cervexa, para acompañar a comida, nos envases que se autorizan neste regulamento., poderán vender viño (non mesturas que conteñan viño como por exemplo sangría ou calimocho...) e cervexa para acompañar a comida.

1.7 Queda prohibido taxantemente a publicidade ou carteis anunciando a venda de bebidas alcohólicas de todo tipo (incluídas o viño ou cervexa).

ART. 2 - Agotados os tenderetes, rematará o sorteo. Se quedaran solicitudes desertas, devolveráselle o importe íntegro da cuota satisfeita e o aval depositado, unha vez

celebrado o Real Mercado, e realizados os trámites necesarios dende intervención, nunca antes do 1 de abril de 2015.

Se houbera máis tenderetes que solicitudes, o sorteo rematará ao esgotarse estas. Neste caso os tenderetes sobrantes poderán cambiarse polos xa asignados, seguindo a orde anteriormente establecida.

ART. 3 - Aquelas solicitudes rexeitadas por non axustarse ao regulamento, non entrarán en sorteo, pero terán dereito ao reintegro da cuota satisfeita, e ao aval depositado, unha vez celebrado o Real Mercado, unha vez se realicen os trámites necesarios dende intervención, nunca antes do 1 de abril de 2015.

ART. 4 - A cada adxudicatario de Tenderete entregarásele unha licencia co número do posto adxudicado, que deberá colocar no tenderete en sitio visible, durante todo o mercado.

ART. 5 - Aínda que o solicitante (ou representante) non asistira ao sorteo, adxudicáraselle o posto igualmente, no caso de correspondérle. Se unha vez adxudicado non o utiliza, devolveráselle o aval depositado pero non a cuota de inscrición.

V - DA UBICACIÓN DOS POSTOS DE VENDA

ART. 1 - Os postos de establecementos da vila adxudicados situaranse á carón ou fronte o establecemento solicitante, sen rebasala fachada da súa propiedade e sen atrancar o paso, agás nos casos nos que a organización indique a súa colocación noutra ubicación, seguindo sempre as instrucións da organización, que se reserva o dereito de negar a montaxe nos treitos da rúa que considere estreitos por seguridade ou se necesitasen para o seu servizo.

ART. 2 - Os tenderetes do Concello serán numerados e colocados pola organización nos lugares máis estratéxicos do Real Mercado, non podendo cambiarse de sitio polos adxudicatarios.

VI - DA MONTAXE DOS POSTOS DE VENDA

ART. 1 - Tódolos postos de venda (Gremiais, Establecementos, Tenderetes), deberán estar montados obrigatoriamente antes das 10:00 h do sábado día 7 de marzo, en que comezará o Real Mercado.

ART. 2 - Non se poderá aumentar a superficie do Tenderete con mesas ou plataformas adicionais, toldos complementarios, etc. Para protexerse do frío poden montarse laterais e traseiras de arpillera ou lona granate pero nunca plástico, salvo que este fora forrado con calquera dos materiais anteriormente nomeados.

ART. 3 - O Real Mercado estará aberto no seguinte horario:

SÁBADO 7 - DE 10:00H A 23:00H

DOMINGO 8 - DE 10:00H 22:00H

ART. 4 - Fóra do devandito horario non se permitirá a apertura de ningún posto de venda na rúa.

ART. 5 - O disparo de tres bombas ás 23,00 horas do sábado día 7 de marzo, e ás 22,00 horas do domingo día 8 de marzo, será o sinal de peche do Real Mercado.

ART. 6 - Durante o horario de apertura non poderá entrar nin permanecer ningunha moto, nin coche, nin obstáculos dentro do recinto do Real Mercado.

ART. 7 - Ao rematar o mercado de cada día, cada responsable deberá deixar o posto recollido e ordenado, e o seu recinto limpo de restos. O posto que non cumpre este artigo, perderá automaticamente o aval-fianza.

VII · DAS MERCADURÍAS

ART. 1 · Os produtos á venda deberán ser naturais, autóctonos, feitos á má n ou elaborados na casa, de características artesanais e ancestrais. A modo de orientación citamos algúns:

A) ALIMENTOS · pan de bola, empanada, empanadiña, filloas, queixos, manteiga, croquetas, ovos cocidos, tortillas, chourizos gordos e delgados, roxóns, lacón, xamón, polbo, aceitunas, froitas...

B) FROITOS SECOS · noces, abelás, amendoas, trufas, pebidas, piñóns, manises, castañas pilongas, fabas, lentellas, garbanzos, etc.

C) BEBIDAS · viño (non mesturas que conteñan viño, como por exemplo sangría ou calimocho...) e cervexa (nos postos de comida autorizados pola organización), leite, auga, zumes e refrescos, etc.,

D) ARTESANÍA · encaixes, calcetas, alfarería, cestería, vimbio, chancos, debuxos, zocos, corozas, etc. En xeral as feitas polos artesáns da época: ferreiro, zoqueiro, cesteiro, tellreiro, alfareiro, carpinteiro, forneiro, teceláns, latoeiro, foleiro, canteiro, acibicheiro, cereiro, etc.

E) DOCES · Boleardo, rosquillas, roscóns, biscoitos, amendoados, madalena, bica, cañas, doce de marmelo, marmeladas, filloas, brazo de xitano, leite frita, mel.

F) ANIMAIS · coellos, pitas, pombas, paxaros, ovellas, peixe seco, etc.

ART. 2 · Queda absolutamente prohibido vender calquera bebida alcohólica, nos postos da rúa, salvo nos autorizados á venda de comidas, que poderán vender viño (non mesturas que conteñan viño como por exemplo sangría ou calimocho...) e cervexa para acompañar a comida.

ART. 3 · Non se porán á venda produtos que sufrisen proceso comercial no contido, envase ou presentación, ou que supostamente non existisen daquela. Exemplo: pinturas con paisaxes ou motivos actuais, electrodomésticos, obxectos de plástico, hinchables, libros, folletos, xornais, xoguetes modernos, camisetas serigrafadas, discos, cassettes, etc.

ART. 4 · Os produtos á venda, como por exemplo envases de bebidas non poderán levar envolturas de plástico ou envases modernos, nin caracteres impresos, nin marcas modernas, podendo presentarse en atados, cestos, pratos e cuncas de barro ou madeira, fardeles, sacos, caixas de madeira, barriles, garrafóns, pelexos, alforxas, etc, sempre libres de marcas. Exemplo, as rosquillas han venderse en atados con cordel, bimbo ou polas, pero nunca en paquetes de plástico ou celofán.

ART. 5 · En lugar visible de cada posto figurará obrigatoriamente unha lista (a poder ser en caracteres góticos), cos prezos das mercadorías á venda.

ART. 6 · Os postos con venda de alimentos exporán outro cartel coa prohibición de tocar os alimentos, que lles facilitará a organización.

ART. 7 · A organización declina no vendedor calquera responsabilidade sobre a calidade, composición, fórmula, elaboración ou prezo dos produtos por él postos á venda.

VIII · DAS COMIDAS

ART. 1 · Os postos que sirvan comidas deberán coidar extremadamente os menús e mallo servizo, tendo en conta as seguintes normas:

A) As comidas servidas estarán en consonancia coa época medieval (caldo, polbo, peixe, callos, cocido galego, cachelos, churrasco, empanada, chourizos, mariscos, cachucha, etc.,) e nos lugares autorizados pola organización.

B) A louza e cobertería será consonte coa situación (pratos de madeira ou barro, cuncas de barro, culleres e garfos de madeira ou ferro, coitelos artesáns).

C) Non se permitirán manteis de plástico ou papel e as "servilletas" poden ser de pano ou papel escuro.

ART. 2 · Os postos que sirvan comidas deberán dispoñer en lugar oculto os servizos de hixiene e limpeza mínimos. Os establecementos disporán de servizos obrigatorios de fregadeiro con auga corrente, retrete, etc.

IX · DOS VENDEDORES

ART. 1 · Tódalas persoas que atendan os postos de venda deberán estar obrigatoriamente vestidos de época, procurando evitar, complementos modernos coma reloxo, gafas de sol, xoias modernas, etc.

ART. 2 · Os vendedores de alimentos deberán estar en posesión **OBRIGATORIAMENTE** do carné de "Manipulador de Alimentos".

X · OUTROS

ART. 1 · Durante os días da festa non se permitirá en todo o recinto nin accesos a colocación ou distribución de carteis, folletos, revistas, pancartas, etc. de contido alleo á Arribada, retirando a organización aqueles que estiveran colocados con anterioridade.

ART. 2 · Fóra dos postos e establecementos autorizados, non se poderá vender ningunha mercadoría (venda ambulante), tanto dentro do recinto, coma nos accesos ata o límite do municipio.

ART. 3 · Queda taxativamente prohibida a venda ambulante de globos en todo o recinto da festa (incluídas as zonas das actuacións programadas).

Incautarase dita mercadoría ata a finalización da festa.

ART. 4 · Unha vez remate o mercadillo tódolos postos de venda deberán estar desmontados e o seu recinto limpo o lúns 9 de marzo.

ART. 5 · Tódolos adxudicatarios de postos no Real Mercado Medieval quedan obrigados a cumprir as presentes bases.

ART. 6 · Dado que o Real Mercado Medieval de Baiona goza dunha gran sona e creto, recórdase a obriga de manter prezos razoables e sen variación durante toda a xornada, sendo obrigatorio expor ao público a lista dos mesmos. (VII-4º).

ART. 7 · A organización a través da Garda Real do Real Mercado e da Policía Local velará polo estricto e rigoroso cumprimento do presente Regulamento, sen necesidade de presentar proba algunha. O incumprimento de calquera artigo sobre postos, mercadorías ou vendedores, sancionaranse sen previo aviso do seguinte xeito:

A) Perda do aval -fianza de 100€ e 200€ depositado.

B) Retirada do posto e prohibición de participar nas seguintes edicións da festa.

ART. 8 · O Concello procederá a devolver o aval -fianza por transferencia bancaria a tódolos titulares dos postos que, segundo a Garda Real/Policía Local cumpriran coas presentes Bases, unha vez se realicen os trámites necesarios dende intervención, a partir do 1 abril de 2015.

Para a devolución do aval é necesario presentar o Certificado da conta corrente do titular do posto, no caso contrario non se devolverá o aval. A organización non se fai responsable da perda do aval por erros nos datos da solicitude.



BAIONA 2015

522 ANIVERSARIO DA ARRIBADA DA
CARABELA PINTA Á VILA DE BAIONA



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA



**PUEBLOS
COLOMBINOS
DE ESPAÑA**
PATRIMONIO DE LA HUMANIDAD



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Turismo



Deputación
Pontevedra

